

# A Chave

Os nomes galegos  
dos anfibios

2018

3<sup>a</sup> ed.



## Citación recomendada / Recommended citation:

A Chave (2018<sup>3</sup>): *Nomes galegos dos anfibios recomendados pola Chave.*  
[http://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave\\_osnombresgalegosdos\\_anfibios\\_2018.pdf](http://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnombresgalegosdos_anfibios_2018.pdf)

Fotografía: Silverio Cerradelo.

## Notas introtutorias

### O que contén este documento

Na primeira edición deste documento (2015) fornecéronse denominacións para as especies galegas (e) ou europeas de anfibios, e tamén para algunas das especies exóticas más coñecidas (estas, xeralmente, no ámbito divulgativo, por teren algunha característica que as fai destacar ou por seren moi comúns noutras árees xeográficas, ou nalgún caso por seren tidas como mascotas).

Na segunda e terceira edicións (2016 e 2018) fóreronse agregando novos nomes para anfibios ibéricos (e) ou europeos (nalgún caso, por hoxe se considerar especies diferentes o que poucos anos atrás eran consideradas subespecies) e tamén para anfibios exóticos. Así mesmo, engadiuse algunha referencia bibliográfica máis.

Nesta terceira edición (2018), máis completa que as anteriores, fornécense denominacións galegas para 134 especies de anfibios de todo o planeta.

### A estrutura

Preséntase en primeiro lugar unha clasificación taxonómica que considera as ordes e familias de anfibios, onde se apunta, de maneira xeral, os nomes dos anfibios que hai en cada familia.

A seguir vén o corpo do documento, unha listaxe onde se indica, especie por especie, alén do nome científico, os nomes galegos e ingleses dos anfibios. Nesta listaxe específica, destácanse con fondo azul claro as especies galegas.

Ao final inclúese unha lista de referencias bibliográficas que foron utilizadas para a elaboración do presente documento. Nalgúns das referencias recóllense ou propónense nomes galegos para os anfibios, quer xenéricos quer específicos, tanto na tradición lexicográfica galega como en traballos herpetolóxicos especializados. Outras referencias achegan nomes para os anfibios noutras linguas, que tamén foron tidos en conta. Alén diso, inclúense algunas referencias básicas a respecto da metodoloxía e dos criterios terminolóxicos empregados.

## Tratamento terminolóxico

De modo moi resumido, traballouse nas seguintes liñas e cos seguintes criterios:

En primeiro lugar, aprofundouse no **acervo lingüístico galego**. A respecto dos nomes dos anfibios, a lingua galega dispón dunha chea de nomes vernáculos, tanto específicos (que designan un único animal) como xenéricos (que designan varios animais parecidos). Coas denominacións xenéricas galegas formáronse despois denominacións para especies deste grupo faunístico doutras áreas xeográficas (**salamántiga alpina** ou **salamántiga negra** para a especie europea *Salamandra atra*, por exemplo, a partir do patrimonial **salamántiga**).

Procurouse tamén na **bibliografía especializada en zooloxía** en lingua galega, onde xa se ten empregado por exemplo o nome **sapo parteiro** para *Alytes obstetricans*, ou na **bibliografía terminolóxica galega**, onde xa se teñen feito propostas como **tritón** para o xénero *Triturus*.

Para algúns nomes recorreuse á **lusofonía**, seguíndomos o criterio recollido nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG e ILG) do ano 2004: "Para o arrequecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego". Así, por exemplo, a denominación **ra voadora** para as especies do xénero *Rhacophorus* (por outra parte, denominación común a moitas outras linguas), tamén **sapo parteiro** para *Alytes obstetricans* (xa empregado na bibliografía herpetolóxica galega), **ra dourada** para *Phylllobates terribilis* ou **ra barullenta** para *Cacosternum boettgeri* (referenciado en Mozambique).

Un outro recurso foi considerar os **nomes científicos, en latín**, de modo paralelo ás denominacións deses anfibios noutras linguas. É o caso da especie ibérica *Pleurodeles waltl*, para a que se recomenda o nome **pleuroodelo**, tirado do nome científico e tamén un dos nomes portugueses deste anfibio; ou da especie europea *Proteus anguinus*, para a que se recomenda o nome **proteu** (ou **proteo**), tirado do nome científico, por súa vez procedente do grego *Proteus*.

Para a orde **Caudados** utilizouse o cultismo **salamandra** (voz viva no galego medieval), diferenciándoo de **salamántiga** do seguinte xeito: **salamántiga** para as especies autóctonas ou as da familia **Salamandrídeos**, e **salamandra** para especies exóticas, como por exemplo as da familia **Ambistomatídeos** (estas, con aspecto ben diferenciado das **salamántigas**, reciben tamén en inglés a denominación *salamander*).

Para anfibios relativamente coñecidos, cando menos nos ámbitos divulgativos, aplicáronse os mesmos nomes que, coincidentes, teñen **en diversos idiomas**. Así, por exemplo, **ras de Darwin** para as especies da familia **Rhinodermatidae**, e **ras seta** ou **ras pezoñentas** para as especies da familia **Dendrobatidae**.

Ademais, para algúns anfibios exóticos adaptáronse **nomes vernáculos indíxenas**, como é o caso de **axolote**, tomado do náuatle para *Ambystoma mexicanum*, do mesmo modo que teñen feito a maioría das linguas que posúen nome para esta especie; ou **perereca**, incorporado ao brasileiro a partir do tupí, para as ras tropicais dos xéneros *Scinax* e *Trachycephalus*.

Por outro lado desbotouse algún **castelanismo**, como por exemplo a proposta *\*sapinho pintoxo* para *Discoglossus galganoi* (do castelán *sapillo pintojo*), que ten as denominacións galegas de **sapiño pintado** e **ra das veigas**.

## Máis dun nome para unha especie

Algúns anfibios dos máis coñecidos teñen varios nomes vernáculos galegos, que foron usados na lingua durante séculos. Outras especies, se cadra non tan coñecidas ou identificadas na cultura popular, teñen recibido diversas denominacións na bibliografía herpetolóxica galega. Para alén diso, nomes usados en case todas as linguas para anfibios bastante coñecidos adoptáronse en galego como sinónimos de modo semellante. Por todos estes motivos, ás veces hai máis dun nome galego para unha especie: **saramaganta**, **salamántiga galega** e **píntega rabilonga** para *Chioglossa lusitanica*, por exemplo, para unha especie autóctona; ou **sapo xigante africano**, **sapo do Congo** e **sapo do Camerún** para *Sclerophrys superciliaris*, por exemplo, para unha especie exótica.

Todos os nomes achegados neste documento son correctos, pódese usar calquera deles. En caso de vacilación, recoméndase o primeiro como **preferente**. O seguinte -ou seguintes- aparecen marcados coa abreviatura **sin.**, que indica que son **sinónimos** do primeiro nome, que sería o principal, de acordo cos criterios da Chave. Nos exemplos dados, os preferentes serían respectivamente **saramaganta** e **sapo xigante africano**, ainda que calquera deles é válido, e dependería do contexto e do criterio de cada persoa usar un ou outro nome, ou facer referencia a máis dun deles.

## Agradecemento

O equipo da Chave quere expresar o seu **agradecemento a todas as persoas** que a través da sección contacta do web enviaron **comentarios, suxestións, puntualizacións...** a respecto dos contidos dos recursos léxicos sobre a fauna e a flora. Todas as opinións son lidas con atención e interese. Aínda que non todas son tidas en conta, algunhas serven para puir ou enriquecer o xa publicado, e nalgún caso mesmo nos levan a unha nova edición dalgún documento. Moitas grazas, e animamos a todos os usuarios/as a continuar con esa retroalimentación positiva e construtiva.

## Nomes galegos para *Hyla molleri*: rela, estroza, ra de santo Antón, ra das fogueiras, ra das quenturas, agano, carranco, arrau

Algunhas denominacións galegas desta especie de ra, *Hyla molleri*, son tamén empregadas popularmente para varios insectos da familia **Meloidae**. A sabedoría popular relacionou o anfibio e os insectos porque todos eles poden ocasionar unha doença ao gado ao seren inxeridos: a pel das ras do xénero *Hyla* contén substancias que poden provocar unha irritación leve; de modo parecido, os insectos dessa familia, cando son molestados ou se senten ameazados, expelen a través da pel unha substancia oleosa e fedorenta que pode provocar bochas na pel ou na boca.

Así, o nome **rela**, por exemplo, úsase tamén para o insecto meloídeo de cor verde amarelado *Lytta vesicatoria*, máis coñecido por **cantáride**. Dous animais diferentes, un insecto e un anfibio, áinda que semellantes (os dous teñen unha cor verde chamativa, os dous poden atoparse nos prados e os dous poden ter consecuencias irritantes) fixeron que se cruzasen popularmente as súas denominacións e que **rela** se empregase indistintamente para ambos os dous.

Alén diso, outros nomes como **agano**, **carranco** e **arrau** úsanse para a esta ra e igualmente para outras especies de insectos da familia **Meloidae**, con características tóxicas ou irritantes similares. **Agano** aparece ás veces descrito na tradición lexicográfica galega como verme, e como especie negra e vermella, características ben propias dalgúns insectos meloídeos, como por exemplo *Berberomeloe majalis* (as cores negra e vermella e a forma alongada e segmentada de verme). **Carranco** e **arrau**, porén, parecen más relacionados co nome **ra** e as variantes **ran** ou **arrán**, áinda que de modo xenérico tamén designan insectos meloídeos.

Por ser **agano** un nome máis identificado coas características dalgúns insectos meloídeos, e por **carranco** e **arrau** seren usados de modo inespecífico e algo confuso, na Chave preferimos mellor non facer unha recomendación expresa destas tres denominacións para *Hyla molleri*, a pesar de seren nomes tamén usados para este anfibio e recollidos en varias obras na tradición lexicográfica galega, que se poderían incluir como sinónimos dos nomes recomendados: **rela, estroza, ra de santo Antón, ra das fogueiras e ra das quenturas**.

# Clase: Anfibios (Amphibia)

Orde: [Ximnofionos](#) (Gymnophiona)

Familia: [Cecilídeos](#) (Caeciliidae) : [cecilias](#)

Orde: [Caudados](#) (Caudata)

Superfamilia: [Salamandroídeos](#) (Salamandroidea)

Familia: [Salamandrídeos](#) (Salamandridae) : [salamántigas, saramaganta, pleurodelo, tritóns](#) (ou limpafontes, pintas da auga)

Familia: [Proteídeos](#) (Proteidae) : [proteu](#)

Superfamilia: [Ambistomatoídeos](#) (Ambystomatoidae)

Familia: [Ambistomatídeos](#) (Ambystomatidae) : [axolote, salamandas](#)

Superfamilia: [Criptobrancoídeos](#) (Cryptobranchoidea)

Familia: [Criptobranquídeos](#) (Cryptobranchidae) : [salamandas xigantes](#)

Orde: [Anuros](#) (Anuros)

Superfamilia: [Discoglosóideos](#) (Discoglossoidea)

Familia: [Alítídeos](#) (Alytidae) : [sapos parteiros](#) (ou sapetas), sapiños pintados

Superfamilia: [Pelobatoídeos](#) (Pelobatoidea)

Familia: [Pelobatídeos](#) (Pelobatidae) : [sapos de esporóns](#)

Superfamilia: [Hiloídeos](#) (Hyloidea)

Familia: [Hilídeos](#) (Hylidae) : [relas](#) (ou ras arbóreas), pererecas

Familia: [Telmatobiódeos](#) (Telmanobiidae) : [ras](#)

Familia: [Leptodactilídeos](#) (Leptodactylidae) : [sapiños](#)

Familia: [Ceratofrídeos](#) (Ceratophryidae) : [sapos cornudos](#)

Superfamilia: **Peloditoídeos** (Pelodytoidea)

Familia: **Peloditídeos** (Pelodytidae) : **sapiños de puntos**

Superfamilia: **Ranoídeos** (Ranoidea)

Familia: **Ranídeos** (Ranidae) : **ras**

Familia: **Conrauídeos** (Conrauidae) : **ras**

Familia: **Pixicefalídeos** (Pyxicephalidae) : **ras, ras boi**

Familia: **Brevicipitídeos** (Brevicipitidae) : **sapos chatos**

Familia: **Hemisotídeos** (Hemisotidae) : **sapos bicudos**

Familia: **Mantelídeos** (Mantellidae) : **mantelas**

Superfamilia: **Bufonoídeos** (Bufonoidea)

Familia: **Bufonídeos** (Bufonidae) : **sapos, sapos cururús, ras**

Familia: **Rinodermatídeos** (Rhinodermatidae) : **ras de Darwin**

Superfamilia: **Dendrobatoídeos** (Dendrobatoidea)

Familia: **Dendrobátidos** (Dendrobatidae) : **ras seta (ou ras pezoñentas)**

Superfamilia: **Racoforoídeos** (Rhacophoroidea)

Familia: **Racoforídeos** (Rhacophoridae) : **ras voadoras**

Superfamilia: **Pipoídeos** (Pipoidea)

Familia: **Pipídeos** (Pipidae) : **ras sen lingua**

Superfamilia: **Sooglosoídeos** (Sooglossoidea)

Familia: **Nasikabatraquídeos** (Nasikabatrachidae) : **ras roxas**

# Clase: Anfibios (Amphibia)

especie galega

Orde: Ximnofionos (Gymnophiona)

Familia: Cecilídeos (Caeciliidae) : cecilias		
<i>Boulengerula denhardtii</i>	cecilia dos Denhardt	Denhardt's African caecilian
<i>Boulengerula niedeni</i>	cecilia de Sagala	Sagalla caecilian
<i>Boulengerula taitana</i>	cecilia dos Taita	Taita African caecilian Taita Hills caecilian Taita Mountains caecilian
<i>Boulengerula uluguruensis</i>	cecilia dos Uluguru	Uluguru African caecilian Uluguru pink caecilian
<i>Caecilia antioquiaensis</i>	cecilia de Antioquía	Antioquia caecilian

Orde: Caudados (Caudata)

Superfamilia: Salamandroideos (Salamandroidea)		
Familia: Salamandrídeos (Salamandridae) : salamántigas, saramaganta, pleurodelo, tritóns (ou limpafontes, pintas da auga)		
<i>Salamandra algira</i>	salamántiga alxeriana sin.: salamántiga norteafricana	North African fire salamander
<i>Salamandra atra</i>	salamántiga alpina sin.: salamántiga negra	alpine salamander golden salamander
<i>Salamandra salamandra</i>	salamántiga (ou salamántiga común) sin.: sacabeira sin.: píntega sin.: pinta sin.: pinchorra sin.: roncha	fire salamander
<i>Chioglossa lusitanica</i>	saramaganta sin.: salamántiga galega sin.: píntega rabilonga	gold-striped salamander golden-striped salamander

especie galega

<i>Pleurodeles waltl</i>	<b>pleurodelo</b>	Iberian ribbed newt Spanish ribbed newt
<i>Ichthyosaura</i> spp. <i>Lissotriton</i> spp. <i>Triturus</i> spp.	<b>tritón</b> sin.: limpafontes sin.: pintas da auga sin.: lagartas da auga sin.: lagartixas da auga sin.: sapalingresas	newts
<i>Ichthyosaura alpestris</i> (= <i>Mesotriton alpestris</i> )	<b>tritón alpino</b> sin.: limpafontes alpino	alpine newt
<i>Lissotriton boscai</i> (= <i>Triturus boscai</i> )	<b>tritón ibérico</b> sin.: limpafontes ibérico	Bosca's newt Iberian newt
<i>Lissotriton helveticus</i> (= <i>Triturus helveticus</i> )	<b>tritón palmado</b> sin.: limpafontes palmado	palmate newt
<i>Lissotriton vulgaris</i> (= <i>Triturus vulgaris</i> )	<b>tritón común</b> sin.: limpafontes común	smooth newt common newt
<i>Triturus carnifex</i>	<b>tritón italiano</b> sin.: tritón de crista italiano sin.: limpafontes italiano	Italian crested newt
<i>Triturus cristatus</i>	<b>tritón de crista</b> sin.: limpafontes de crista	great crested newt northern crested newt warty newt
<i>Triturus dobrogicus</i>	<b>tritón do Danubio</b> sin.: tritón de crista do Danubio sin.: limpafontes do Danubio	Danube crested newt Danube newt
<i>Triturus macedonicus</i>	<b>tritón macedonio</b> sin.: tritón de crista macedonio sin.: limpafontes macedonio	Macedonian crested newt
<i>Triturus marmoratus</i>	<b>tritón verde</b> sin.: tritón marmóreo sin.: limpafontes verde sin.: limpafontes marmóreo sin.: píntega verde	marbled newt
<i>Triturus pygmaeus</i>	<b>tritón pigmeo</b> sin.: limpafontes pigmeo	southern marbled newt pygmy marbled newt
<i>Calotriton asper</i>	<b>tritón pirenaico</b> sin.: limpafontes pirenaico	Pyrenean brook salamander Pyrenean newt
<i>Calotriton arnoldi</i>	<b>tritón do Montseny</b> sin.: limpafontes do Montseny	Montseny brook newt

<b>Familia: Proteídeos (Proteidae) : proteu</b>		
<i>Proteus anguinus</i>	<b>proteu</b> var.: proteo	cave salamander

<b>Superfamilia: Ambistomatoídeos (Ambystomatidae)</b>		
<b>Familia: Ambistomatídeos (Ambystomatidae) : axolote, salamandras</b>		
<i>Ambystoma mexicanum</i>	<b>axolote</b>	axolotl Mexican salamander Mexican walking fish
<i>Ambystoma maculatum</i>	<b>salamandra maculada</b>	spotted salamander yellow-spotted salamander
<i>Ambystoma rosaceum</i>	<b>salamandra tarahumara</b>	Tarahumara salamander
<i>Ambystoma taylori</i>	<b>salamandra de Taylor</b>	Taylor's salamander
<i>Ambystoma tigrinum</i>	<b>salamandra tigrada</b>	tiger salamander eastern tiger salamander

<b>Superfamilia: Criptobrancoídeos (Cryptobranchoidea)</b>		
<b>Familia: Criptobranquídeos (Cryptobranchidae) : salamandras xigantes</b>		
<i>Andrias davidianus</i>	<b>salamandra chinesa xigante</b> sin.: salamandra xigante chinesa	Chinese giant salamander
<i>Andrias japonicus</i>	<b>salamandra xaponesa xigante</b> sin.: salamandra xigante xaponesa	Japanese giant salamander
<i>Cryptobranchus alleganiensis</i>	<b>salamandra americana xigante</b> sin.: salamandra xigante americana	hellbender hellbender salamander

Superfamilia: Discoglosóideos (Discoglossoidea)		
Familia: Alitídeos (Alytidae) : sapos parteiros (ou sapetas), sapiños pintados		
<i>Alytes obstetricans</i>	<b>sapo parteiro</b> sin.: sapeta común (ou simplemente sapeta) sin.: sapiño comadrón sin.: sapiño troiteiro	common midwife toad
<i>Alytes cisternasii</i>	<b>sapo parteiro ibérico</b> sin.: sapeta ibérica	Iberian midwife toad
<i>Alytes dickhilleni</i>	<b>sapo parteiro bético</b> sin.: sapeta bética	Betic midwife toad
<i>Alytes muletensis</i>	<b>sapo parteiro balear</b> sin.: sapeta balear	Majorcan midwife toad
<i>Discoglossus galganoi</i>	<b>sapiño pintado</b> sin.: ra das veigas	Iberian painted frog
<i>Discoglossus jeanneae</i>	<b>sapiño pintado bético</b>	Spanish painted frog
<i>Discoglossus montalentii</i>	<b>sapiño pintado corso</b>	Corsican painted frog
<i>Discoglossus pictus</i>	<b>sapiño pintado do Mediterráneo</b> sin.: sapiño pintado mediterráneo	Mediterranean painted frog
<i>Discoglossus sardus</i>	<b>sapiño pintado sardo</b>	Tyrrhenian painted frog
<i>Discoglossus scovazzi</i>	<b>sapiño pintado marroquino</b>	Moroccan painted frog

Superfamilia: Pelobatoídeos (Pelobatoidea)		
Familia: Pelobatídeos (Pelobatidae) : sapos de esporóns		
<i>Pelobates cultripes</i>	<b>sapo de esporóns</b> sin.: sapo de esporóns ibérico sin.: sapo toupeiro	western spadefoot Iberian spadefoot toad Spanish spadefoot toad Wagler's spadefoot toad
<i>Pelobates syriacus</i>	<b>sapo de esporóns sirio</b>	eastern spadefoot Syrian spadefoot
<i>Pelobates varaldii</i>	<b>sapo de esporóns de Varaldi</b>	Moroccan spadefoot toad Varaldi's spadefoot toad
<i>Pelobates fuscus</i>	<b>sapo de esporóns europeo</b>	common spadefoot common spadefoot toad European common spadefoot

Superfamilia: Hiloídeos (Hyoidea)		
Familia: Hilídeos (Hylidae) : relas (ou ras arbóreas), pererecas		
<i>Agalychnis callidryas</i>	rela de ollos vermellos	red-eyed tree frog
<i>Hyla arborea</i>	rela europea	European tree frog
<i>Hyla chrysoscelis</i>	rela de Cope	Cope's gray tree frog southern gray tree frog
<i>Hyla intermedia</i>	rela italiana	Italian tree frog
<i>Hyla meridionalis</i>	rela meridional	Mediterranean tree frog stripeless tree frog
<i>Hyla molleri</i> (= <i>Hyla arborea molleri</i> )	rela (ou rela ibérica) sin.: estroza sin.: ra de santo Antón sin.: ra das figueiras sin.: ra das quenturas	Iberian tree frog
<i>Hyla sarda</i>	rela sarda	Sardinian tree frog Tyrrhenian tree frog
<i>Hyla japonica</i>	rela xaponesa	Japanese tree frog
<i>Hyla versicolor</i>	rela versicolor	gray treefrog eastern gray treefrog common gray treefrog tetraploid gray treefrog
<i>Hyla walkeri</i>	rela de Walker	Walker's tree frog
<i>Hylomantis aspera</i>	rela áspera	rough leaf frog
<i>Hylomantis buckleyi</i>	rela verruguenta	warty leaf frog
<i>Hylomantis granulosa</i>	rela granulosa	granular leaf frog
<i>Hylomantis lemur</i>	rela lémure	lemur leaf frog
<i>Leptopelis barbouri</i>	rela de Barbour	Barbour's forest tree frog
<i>Litoria caerulea</i>	rela de White	Australian green tree frog White's tree frog dumpy tree frog
<i>Scinax littoralis</i>	perereca litoral	
<i>Scinax perereca</i>	perereca do baño	
<i>Trachycephalus mesophaeus</i>	perereca dourada	Porto Alegre golden-eyed tree frog
<i>Trachycephalus nigromaculatus</i>	perereca cabezuda	black-spotted casque-headed tree frog
<i>Trachycephalus resiniflrix</i>	perereca leiteira	Mission golden-eyed tree frog Amazon milk frog blue milk frog

especie galega

**Familia: Telmatobiídeos (Telmatoibiidae) : ras**

<i>Telmatobius culeus</i>	<b>ra do Titicaca</b>	Titicaca water frog
---------------------------	-----------------------	---------------------

**Familia: Leptodactilídeos (Leptodactylidae) : sapiños**

<i>Pleurodema thaul</i>	<b>sapiño de catro ollos</b>	Chile four-eyed frog
-------------------------	------------------------------	----------------------

**Familia: Ceratofrídeos (Ceratophryidae) : sapos cornudos**

<i>Ceratophrys aurita</i>	<b>sapo cornudo brasileiro</b>	Brazilian horned frog
<i>Ceratophrys ornata</i>	<b>sapo cornudo arxentino</b>	Argentine horned frog Argentine wide-mouthed frog

**Superfamilia: Peloditoídeos (Pelodytoidea)**

**Familia: Pelodítídeos (Pelodytidae) : sapiños de puntos**

<i>Pelodytes caucasicus</i>	<b>sapiño de puntos caucásico</b>	Caucasian parsley frog
<i>Pelodytes ibericus</i>	<b>sapiño de puntos ibérico</b>	Iberian parsley frog
<i>Pelodytes punctatus</i>	<b>sapiño de puntos</b> sin.: sapiño de puntos común sin.: sapiño patilongo	common parsley frog

**Superfamilia: Ranoídeos (Ranoidea)****Familia: Ranídeos (Ranidae) : ras**

<i>Amnirana darlingi</i> (= <i>Hylarana darlingi</i> )	<b>ra de Darling</b>	Darling's golden-backed frog Darling's white lippedfrog
<i>Amnirana galamensis</i> (= <i>Hylarana galamensis</i> )	<b>ra do Galam</b>	Galam golden-backed frog Galam white lippedfrog
<i>Lithobates catesbeianus</i> (= <i>Rana catesbeiana</i> )	<b>ra boi americana</b>	American bullfrog
<i>Rana dalmatina</i>	<b>ra áxil</b>	agile frog
<i>Rana iberica</i>	<b>ra ibérica</b> sin.: zampexa sin.: ra patilonga sin.: ra dos regos	Iberian frog
<i>Rana temporaria</i>	<b>ra vermella</b> sin.: ra do monte	common frog European common frog European common brown frog European grass frog
<i>Pelophylax perezi</i>	<b>ra verde</b>	Perez's frog Iberian waterfrog Iberian green frog
<i>Tomopterna natalensis</i>	<b>ra de Natal</b>	Natal sand frog

**Familia: Hiperolídeos (Hyperoliidae) : ras**

<i>Hyperolius kihangensis</i>	<b>ra de Kihanga</b>	African reed frog Kihanga reed frog
<i>Hyperolius thomensis</i>	<b>ra arbórea de San Tomé</b>	Sao Tome giant tree frog

**Familia: Conrauídeos (Conrauidae) : ras**

<i>Conraua goliath</i> (= <i>Rana goliath</i> )	<b>ra goliat</b>	goliath frog giant slippery frog
--	------------------	-------------------------------------

**Familia: Hemisotídeos (Hemisotidae) : sapos bicudos**

<i>Hemisus marmoratus</i>	<b>sapo marmóreo</b>	marbled snout-burrower
<i>Hemisus guineensis</i>	<b>sapo da Guinéa</b>	Guinea snout-burrower Guinea shovelnose frog

**Familia: Pixicefalídeos (Pyxicephalidae) : ras, ras boi**

<i>Amietia angolensis</i> (= <i>Rana angolensis</i> ) (= <i>Afrana angolensis</i> )	<b>ra angolense</b>	common river frog Angola frog Chapin's frog Angola river frog dusky-throated frog
<i>Amietia johnstoni</i> (= <i>Rana johnstoni</i> ) (= <i>Afrana johnstoni</i> )	<b>ra de Jonhston</b>	Jonhston's river frog Tshiromo frog
<i>Cacosternum boettgeri</i>	<b>ra barullenta</b>	common caco
<i>Pyxicephalus edulis</i>	<b>ra boi pequena</b>	edible bullfrog lesser bullfrog Peter's bullfrog
<i>Pyxicephalus adspersus</i>	<b>ra boi xigante</b>	African bullfrog giant bullfrog giant pyxie
<i>Pyxicephalus obbianus</i>	<b>ra boi da Somalia</b>	Calabresi's bullfrog

**Familia: Brevicipitídeos (Brevicipitidae) : sapos chatos**

<i>Breviceps adspersus</i>	<b>sapo da chuva</b>	common rain frog bushveld rain frog
<i>Breviceps macrops</i>	<b>sapo das dunas</b>	desert rain frog
<i>Breviceps mossambicus</i>	<b>sapo de Moçambique</b>	Mozambique rain frog flat-faced frog
<i>Probreviceps rhodesianus</i>	<b>sapo da Rodesia</b>	highland rain frog

**Familia: Mantelídeos (Mantellidae) : mantelas**

<i>Mantella aurantiaca</i>	<b>mantela dourada</b>	golden mantella
<i>Mantella baroni</i>	<b>mantela de Baron</b>	Baron's mantella variegated golden frog Madagascar poison frog
<i>Mantella madagascariensis</i>	<b>mantela pintada</b>	Malagasy painted mantella Madagascar golden frog painted mantella
<i>Mantella viridis</i>	<b>mantela verde</b>	green mantella

**Superfamilia: Bufonoídeos (Bufonoidea)**
**Familia: Bufonídeos (Bufonidae) : sapos, sapos cururús, ras**

<i>Amietophryne asmarae</i> (= <i>Bufo asmarae</i> )	<b>sapo de Asmara</b>	Asmara toad
<i>Amietophryne gutturalis</i> (= <i>Bufo gutturalis</i> )	<b>sapo gutural</b>	African common toad guttural toad
<i>Amietophryne maculatus</i> (= <i>Bufo maculatus</i> )	<b>sapo maculado</b>	Hallowell's toad flat-backed toad striped toad
<i>Amietophryne perreti</i> (= <i>Bufo perreti</i> )	<b>sapo de Perret</b>	Perret's toad
<i>Amietophryne togoensis</i> (= <i>Bufo togoensis</i> )	<b>sapo do Togo</b>	Togo toad
<i>Bufo arabicus</i>	<b>sapo da Arabia</b>	Arabian toad
<i>Bufo brauni</i>	<b>sapo de Braun</b>	Braun's toad
<i>Bufo bufo</i>	<b>sapo cunqueiro</b>	common toad European toad
<i>Epidalea calamita</i> (= <i>Bufo calamita</i> )	<b>sapo corriqueiro</b>	natterjack toad
<i>Schismaderma carens</i> (= <i>Bufo carens</i> )	<b>sapo vermello</b>	African red toad red toad African split-skin toad
<i>Sclerophrys pantherina</i> (= <i>Amietophryne pantherinus</i> ) (= <i>Bufo pantherinus</i> )	<b>sapo pantera</b>	panther toad southern panther toad western leopard toad
<i>Sclerophrys pardalis</i> (= <i>Amietophryne pardalis</i> ) (= <i>Bufo pardalis</i> )	<b>sapo leopardo</b>	leopard toad eastern leopard toad Gleniffer toad
<i>Sclerophrys superciliaris</i> (= <i>Amietophryne superciliaris</i> ) (= <i>Bufo superciliaris</i> )	<b>sapo xigante africano</b> sin.: <b>sapo do Congo</b> sin.: <b>sapo do Camerún</b>	African giant toad Congo toad Cameroon toad
<i>Rhinella icterica</i> (= <i>Bufo ictericus</i> )	<b>sapo cururú amarelo</b>	yellow cururu toad
<i>Rhinella marina</i> (= <i>Bufo marinus</i> )	<b>sapo cururú</b>	cane toad giant neotropical toad rococo toad
<i>Rhinella schneideri</i> (= <i>Bufo schneideri</i> )	<b>sapo de Schneider</b> sin.: <b>sapo cururú de Schneider</b>	Schneider's toad cururu toad marine toad

<i>Atelopus elegans</i>	<b>ra elegante</b>	elegant stubfoot frog
<i>Atelopus varius</i>	<b>ra arlequín</b>	clown frog variable harlequin frog Costa Rican variable harlequin toad painted frog Veragua stubfoot frog
<i>Atelopus zeteki</i>	<b>ra de Zetek</b>	Panamanian golden frog Zetek's golden frog

<b>Familia: Rinodermátídeos (Rhinodermatidae) : ras de Darwin</b>		
<i>Rhinoderma darwinii</i>	<b>ra de Darwin</b>	Darwin's frog southern Darwin's frog
<i>Rhinoderma rufum</i>	<b>ra de Darwin chilena</b>	Chile Darwin's frog northern Darwin's frog

<b>Superfamilia: Dendrobatoídeos (Dendrobatoidea)</b>		
<b>Familia: Dendrobatiídeos (Dendrobatidae) : ras seta (ou ras pezoñentas)</b>		
<i>Dendrobates leucomelas</i>	<b>ra de faixa amarela</b> sin.: ra seta de faixa amarela	yellow-banded poison dart frog yellow-headed poison dart frog bumblebee poison frog
<i>Dendrobates tinctorius</i>	<b>ra tintada</b> sin.: ra seta tintada	dyeing poison frog dyeing dart frog tinc
<i>Oophaga granulifera</i> (= <i>Dendrobates granuliferus</i> )	<b>ra granulada</b> sin.: ra seta granulada	granular poison frog
<i>Oophaga lehmanni</i> (= <i>Dendrobates lehmanni</i> )	<b>ra de Lehmann</b> sin.: ra seta de Lehmann	Lehmann's poison frog red-banded poison frog
<i>Oophaga pumilio</i> (= <i>Dendrobates pumilio</i> )	<b>ra morango</b> sin.: ra seta morango sin.: rela morango	strawberry poison frog strawberry poison-dart frog
<i>Phylllobates terribilis</i>	<b>ra amarela</b> sin.: ra dourada sin.: ra seta amarela, ra seta dourada	golden poison frog golden poison arrow frog golden frog golden dart frog

<b>Superfamilia: Racoforoídeos (Rhacophoroidea)</b>		
<b>Familia: Racoforídeos (Rhacophoridae) : ras voadoras</b>		
<i>Racophorus</i> spp.	<b>ra voadora</b>	flying frog gliding frog
<i>Rhacophorus prominanus</i>	<b>ra voadora malaia</b>	Malayan flying frog
<i>Rhacophorus malabaricus</i>	<b>ra voadora malabar</b>	Malabar flying frog Malabar gliding frog

<b>Superfamilia: Pipoídeos (Pipoidea)</b>		
<b>Familia: Pipídeos (Pipidae) : ras sen lingua</b>		
<i>Xenopus laevis</i>	<b>ra de uñas africana</b>	African clawed frog common clawed frog smooth clawed frog African clawed toad common clawed toad African claw-toed frog common platanna platanna
<i>Xenopus tropicalis</i>	<b>ra de uñas tropical</b>	western clawed frog tropical clawed frog tropical platanna

<b>Superfamilia: Sooglosóideos (Sooglossoidea)</b>		
<b>Familia: Nasikabatraquídeos (Nasikabatrachidae) : ras roxas</b>		
<i>Nasikabatrachus bhupathi</i>	<b>ra roxa de Bhupathy</b>	Bhupathy's purple frog
<i>Nasikabatrachus sahyadrensis</i>	<b>ra roxa da India</b>	Indian purple frog tropical clawed frog tropical platanna

## Referencias bibliográficas

- Alonso Estravís, Isaac (2018): *Dicionário Eletrónico Estraviz*.  
<http://www.estraviz.org/>
- Asensi Cabrita, Moisés (2006): *Guía dos anfibios e réptiles de Galicia*. A Coruña: Baía.
- Cabré, M. Teresa (dir.) / Rosa Estopá (coord.) (2004): *Metodología del trabajo en neología: criterios, materiales y procesos*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra / IULA.
- Carballeira Anllo, Xosé María et al. (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua galega*, 2 vols. Vigo: Xerais.
- Colomer, Rosa (dir.) / Xavier Fargas (coord.) (2005): *Manlleus i calcs lingüístics en terminologia*. Vic / Barcelona: Eumo Editorial / TERMCAT.
- Colomer, Rosa (dir.) / Xavier Fargas (coord.) (2012): *Difusió i ús dels termes*. Vic / Barcelona: Eumo Editorial / TERMCAT.
- Conde Teira, Miguel A. (1996): "Acerca dos nomes dos anfibios e réptiles galegos", *Cadernos de lingua* 13, 75-88.
- Daviña Facal, Luís (1993): *Problemas do léxico científico. Algunhas propostas de solucións*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Daviña Facal, Luís (1999): *Lingua e ciencia*. Vigo: Xerais.
- Daviña Facal, Luís (2000): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. Tomo I, A-B. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Daviña Facal, Luís (2000): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. Tomo II, C. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Daviña Facal, Luís (2000): "O problema da adaptación ó galego de cultismos científicos de orixe grega e latina", *Viceversa*, 6, 113-129.
- García González, Constantino (1985): "Glosario das voces galegas de hoxe", *Verba*, anexo 27.
- Garrido, Carlos / Carles Riera (2011<sup>2</sup>): *Manual de galego científico*. Santiago de Compostela: Através Editora.

González Seoane, Ernesto (coord.) / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo (2006-2018): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*.  
<http://sli.uvigo.es/DDGM/index.html>

International Union for Conservation of Nature (2018): *The IUCN Red List of Threatened Species*.  
<http://www.iucnredlist.org/>

Lorenzo, Secundino (2018): *A vida nos ríos galegos*.  
<http://www.rios-galegos.com/>

Noia Campos, María Camiño et al. (1997): *Dicionario de sinónimos da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Peña Romay, Xosé Antonio et al. (2004): *Gran dicionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Do Cumio.

Real Academia Galega (2018): *Dicionario da Real Academia Galega*.  
<http://academia.gal/dicionario#inicio.do>

Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Dicionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Río, Xusto A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Santamarina Fernández, Antón L. (coord.) (2018): *Dicionario de dicionarios*.  
<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>

Scheneider, Michael F. et al. (2005): *Checklist de vertebrados de Moçambique. Checklist of Vertebrates of Mozambique*. Maputo: Universidade Eduardo Mondlane / UICN Mozambique.

Sobreira Salgado, Juan (1792-1797): *Papeletas de un diccionario gallego*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos (edición de J. L. Pensado Tomé, 1979).

Sociedade Galega de Historia Natural (1995): *Atlas de vertebrados de Galicia, I. Peixes, anfibios, réptiles e mamíferos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Sociedade Galega de Historia Natural (2011): *Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia*. Santiago de Compostela: Sociedade Galega de Historia Natural.

TERMCAT (1990): *Formació de termes amb elements cultes*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.

Varela Aenlle, Carlos Xesús (2014): *Contribución ao dicionario galego: o léxico do galego de Asturias*. Tese de doutoramento. Vigo: Universidade de Vigo.

# A Chave

---

GALEGO, LINGUA DE CALIDADE

[www.achave.gal](http://www.achave.gal)